

DULCE M<sup>a</sup> GARCÍA MELLA, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno na sesión ordinaria celebrada o 29 de decembro de 2020 aprobou a integración do proceso de asignación efectiva do encargo docente no de elaboración da Planificación Docente Anual (PDA), nos termos da documentación adxunta.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela, co V<sup>o</sup> e Prace do sr. reitor.

V<sup>o</sup> e prace

O reitor

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

## **Integración do proceso de asignación efectiva do encargo docente no de elaboración da Planificación Docente Anual (PDA)**

Mediante Acordo do Consello de Goberno do 17 de febreiro de 2010 aprobouse o *Regulamento de asignación efectiva do encargo docente das materias das titulacións de grao e máster a departamentos e áreas de coñecemento na USC*. O proceso de asignación contéplase coma un paso posterior ao de adscrición funcional de materias das titulacións de grao e máster a departamentos e áreas de coñecemento, dentro da Planificación Académica Anual da USC.

Ao través do **proceso de adscrición** determínanse a área ou áreas afíns ás materias de titulacións de grao e máster de nova oferta (ben por implantación de novos plans de estudos, ben por incorporación destas materias nun plan xa implantado), así como as materias nas que se debe revisar a dita adscrición (incorporación ou supresión de áreas). Este proceso desenvólvese en dúas fases, unha na que os departamentos se postulan e outra na que as comisións de títulos revisan ou propoñen altas/baixas de áreas e/ou cambio de nivel de afinidade.

As materias que se someten ao proceso de adscrición deben pasar a continuación ao de **asignación efectiva do encargo docente**. Mediante este proceso determínanse a área ou áreas, daquelas ás que están adscritas a cada materia, que poderían asumir a docencia tendo en conta a súa afinidade, pero tamén a súa capacidade, así como outras consideracións académicas. Este proceso tamén se desenvolve en dúas fases; unha fase inicial para asignar na medida do posible a docencia ás áreas coa máxima afinidade, e unha segunda fase para realizar os axustes necesarios en función dos recursos existentes. A asignación de materias a áreas deberá manterse durante un mínimo de tres cursos académicos completos, como norma xeral (artigo 1.4 do Regulamento de asignación).

No regulamento de **adscrición** este proceso estaba previsto para ser realizado anualmente de forma previa á implantación de novos plans ou materias (ou tamén a materias nas que deba revisarse esta adscrición); na práctica, este proceso estase desprazando un curso, xa que no momento en que debe realizarse non están os novos plans ou os novos contidos planificados. Así, para o primeiro curso de implantación de novos contidos utilízase a adscrición provisional comunicada polas comisións redacto-

ras ou de títulos; todos estes contidos pásanse ao proceso de adscrición do curso seguinte.

Mentres que no proceso anterior é suficiente con ter planificadas as novas materias (ou aquelas que se revisarán), no proceso de asignación efectiva do encargo docente é preciso xa ter configurada toda a oferta do curso académico cuxa programación académica vai comezar. Isto implica a revisión de toda a oferta académica de grao e máster e a súa correcta configuración (materias que se extinguen, materias que se implantan, retiradas da oferta, etc.). Así mesmo, a práctica nos indica que a asignación é un proceso complexo previo ao da aprobación da Planificación Docente Anual (PDA), que ocupa os recursos dos centros e que é factible implementar durante a tramitación da PDA. É dicir, na fase de PDA tamén se realizan axustes na asignación, tanto antes da presentación da proposta aos centros como unha vez realizada a revisión por estes, en virtude dos recursos docentes das áreas. Así mesmo, o desenvolvemento deste proceso cun calendario específico e independente deixa pouco tempo para configurar correctamente a oferta e incrementa as interaccións da Vicerreitoría cos centros (demandando a revisión de documentos e a toma de decisións).

Por este motivo, a Vicerreitoría de Organización Académica propón a supresión do proceso de asignación efectiva do encargo docente coma un proceso independente, integrándoo dentro do proceso de elaboración da PDA e mantendo os mesmos criterios establecidos no seu regulamento.

**En vista do anterior, o Consello de Goberno, na súa reunión do 29 de decembro de 2020 acorda:**

Autorizar a integración do proceso de asignación efectiva do encargo docente, cos axustes necesarios, no proceso de elaboración da Planificación Docente Anual coas mesmas condicións e requisitos establecidos no seu Regulamento.


**Proposta de acordo de CG para integrar o proceso de asignación efectiva do encargo docente a áreas de coñecemento dentro da fase de PDA:**

**Esquema do proceso actual**



Órganos que interveñen		
<b>Vicerreitoría de Organización Académica</b> SXOPRA (selección de materias que van a adscrición; supervisión proceso; emisión informes para COAP e CG) Departamentos (proposta de postulación e afinidade) Centros (proposta final afinidade)	<b>Vicerreitoría de Organización Académica</b> SXOPRA ( <u>é precisa a configuración previa da oferta do curso a planificar</u> ; supervisión proceso e preparación informes para COAP e CG) Centros (proposta de asignación) Departamentos (comunican recursos e coordínanse cos centros)	<b>Vicerreitoría de Organización Académica</b> SXOPRA (supervisión proceso e revisión incidencias; revisión; elaboración resolucíons) Departamentos (informan a centros) Centros (fan propostas de PDA)

**Proposta de modificación (simplificación dos procesos e axuste de prazos)**



<b>Órganos que interveñen</b>	
<p><b>Vicerreitoría de Organización Académica</b>            SXOPRA (selección de materias que van a adscrición; supervisión proceso; emisión informes para COAP e CG)            Departamentos (propuesta de postulación e afinidade)            Centros (propuesta final afinidade)</p>	<p><b>Vicerreitoría de Organización Académica</b>            SXOPRA (<u>disponse de máis tempo para a configuración da oferta do curso a planificar</u>; revisión dos procesos de asignación que correspondan e PDA)            Centros (nesta fase tamén deben realizar revisión de asignación)            Departamentos (deben informar a centros sobre recursos dispoñibles)</p>

## Sinaturas dixitais / Firmas digitais / Digital signatures

**Asinante/Firmante/Signer:** ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 30/12/2020 12:23:44.

**Asinante/Firmante/Signer:** DULCE MARIA GARCIA MELLA, SECRETARIA XERAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 30/12/2020 12:04:36.

**CSV:** A058-4306-4E50-8D1C